



NOVAPAZ



BOLETÍN INFORMATIVO DO GRUPO EDUCADORAS/ES POLA PAZ DE NOVA ESCOLA GALEGA

Nº 1

Novembro - 1990

PRESENTACIÓN

Tal como se anunciara no transcurso do IV Encontro Galego de Educadoras/es pola Paz, celebrado en Lugo en marzo pasado, o Grupo EDUCADORES/AS POLA PAZ da Asociación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, saca á luz pública e por primeira vez no noso país, un Boletín monográfico de información sobre a Educación para a Paz: **NOVAPAZ**.

Trátase dun novo paso, cualitativamente valorado de grande importancia polo que pode supoñer de contribución ó fortalecemento do movemento das/os educadoras/es pola paz galego. En efecto, no transcurso dos últimos anos notábase como despois dos Encontros, dos cursos impartidos, das accións levadas a cabo, quedaba un certo vacío ou mesmo sensación de desamparo nas persoas que tiñan participado nos eventos citados. Con este Boletín queremos transformar en parte dita situación de intermitencia, para que se manteña un vínculo regular e permanente entre todas/os aquelas/es que facemos educación para a paz no noso país.

Noutro orde de cousas, a través destas páxinas queremos acadar un segundo obxectivo de igual importancia: poñer en contacto o movemento das/os educadoras/es pola paz galego cos do resto do Estado e do mundo. Isto será posible a través da función bidireccional que o Boletín quere cumprir. Por unha banda, as/os educadoras/es pola paz de fóra de Galicia estarán informados do que se fai no noso país a prol da Educación para a Paz (EP); por outra banda, o Boletín manteranos informadas/os de todo aquilo que sexa reseñable no resto do mundo na nosa particular e insoslaible acción educativa.

Finalmente lembrar algo que é práctica habitual do noso quefacer: As páxinas de **NOVAPAZ** están abertas a cantas suxerencias, informacións, peticións, etc. estímedes oportuno facer. Esperamos que sexa o vehículo de contacto de toda-las persoas que aman a paz; de toda-las persoas que, coma nós, pensen que para construímos a paz temos que educármonos na paz. Nesa tarefa estamos e para esta tarefa reclamamos a vosa contribución.

PUBLICACIÓNS

Seminario de Educación para la Paz - APDH (1990) Aprende a jugar, aprende a vivir, APDH, Madrid.

A inundación de sofisticadas monecas, dos He-man, Skeletor, Ci-Joe, motos Feber... nos que campean a violencia, a supervelocidade, os roles sexistas, etc, esixía unha resposta creadora e lúdica, na que campease o pacifismo, a cooperación, os roles non sexistas...

OPINIÓ

A CRISE DE ORIENTE MEDIO

As terras do Golfo Pérsico son terras quentes. É non só de temperaturas. Terras apetecidas pola súa situación estratéxica e riqueza petrolífera. Por seren terras distas características, contan entre as que máis gastan en armamento. A venda das armas e a transferencia de tecnoloxías, xunto coas pertinentes instrucións para o seu uso, constituíu un excelente negocio para os mercaderes da morte dos EE. UU., da URSS, Francia, Reino Unido, España..., e facilitou o xurdimento de Estados dun grande potencial armamentista convencional, químico e mesmo nuclear. Un deles é o Irak. A potencia militarista de Irak é o resultado dos intereses económicos dos mercaderes da morte. Entre eles España.

A invasión de Kuwait por parte de Irak vulnera o dereito internacional. A ocupación de Gaza e Cisjordania, a invasión de Panamá, etc., tamén. Pero as voces e os ecos, diante das agresións e invasións, son ben distintas. Merecen ser inscritas no "Guinness" da hipocresía e da dobre vara de medir. Sadam Husseim é o novo Hitler, mentras que EE. UU. son o Xendarme benfeitor que protexe o noso modelo de vivir e consumir. Nun barril de petróleo caben "a Liberté, a Egalité e a Fraternité".

A construción dunha Nova Orde Internacional, que conduza a un mundo máis xusto e solidario, sen superpotencias, sen Gargantúas consumistas, queda para mellor ocasión. O modelo de seguridade que debemos bendecir é o que concorda cos intereses dos países máis sedentos de petróleo. Para as sedes e fames das xentes árabes, guineanas, salvadoreñas, nicaraguanas... xa temos, entre outros remedios, a Lei de Estranxería en España.

Os EE. UU. e os seus acólitos están xa instalados no polvorín de Oriente Medio. Todo está servido para que os aparatos do Complexo Militar Burocrático Industrial celebren, a bomba e misil, a criación do novo protectorado saudí.

A carpeta APRENDE A JUGAR, APRENDE A VIVIR, publicada en castelán polo "Seminario de Educación para la Paz" da Asociación a prol dos Dereitos Humanos, trae esa resposta, que é tamén unha campaña.

A campaña conta cunha morea de materiais estruturados en tres bloques. No primeiro bloque encontraredes artigos sobre o que aprenden as nenas e nenos cos

xogos e xoguetes; trípticos informativos sobre os xoguetes recomendados para cada idade, etc.

No segundo bloque contéstase á seguinte pregunta: ¿Qué podemos facer para que os comerciantes, fabricantes ou calquera persoa, se enteren do que tí pensas sobre o tema do xogo e do xoguete? Pegatinas, cartéis, trípticos de campaña, follas de firmas para mandar a TV, propostas de accións nos grandes almacéns etc. baseadas no teatro popular do brasileiro Augusto Boal.

O terceiro bloque vai dirixido ao traballo cos nenos e nenas. Xunto a enquisas, xogos de roles, talleres de anuncios, fichas de análises de xoguetes, TV e anuncios, encontraredes contos non sexistas ou un libro canadiano con moitos xogos de canicas cooperativos.

¿ONDE CONSEGUIR A CARPETA? Podes pedila a:

Colectivo Educar para la Paz, Apdo. 219
Torrelavega. Cantabria.

(1.000 pesetas unidade, máis gastos de envío)

JARES, Xesús R. (1990): **Educar para la Paz**,
Fundación Municipal de Cultura, Ayto. de Gijón, Gijón.

A activa e dinámica sección de educación da Fundación Municipal de Cultura do Concello de Xixón considerou interesante a tradución ó castelán do libro de igual título que fora publicado en galego polo non menos activo e dinámico Dto. de Educación do Concello de Santiago.

Esta edición, revisada e ampliada, está, como a edición



galega, cun exquisito coidado e elegancia na súa impresión e maquetación, que ademais incorpora o feito de estar impresa en papel reciclado.

A publicación contén unha primeira parte introdutoria sobre o significado e componentes da Educ. para a Paz (EP), na que se inclúe unha valoración sobre a práctica: 10 perspectivas erróneas na EP.

A segunda parte é un rexistro detallado de actividades e propostas didácticas clasificadas en tres grupos: Actividades comúns de centro; actividades interdisciplinares de clase e actividades por áreas. Sen dúbida con este repertorio resultará de difícil sustentación a opinión de que educar para a paz non ten tradución escolar ou que se agota cun festival ou solta de pombas.

Na terceira parte preséntanse "algúns exemplos" dos explicitados na sección anterior. Aquí atopamos desde a resolución dun conflito nun grupo-clase; un comentario de textos; estudos de casos e xogos de simulación.

Finalmente o libro complétase cun listado de materiais para traballar a EP.

As persoas interesadas poden solicitalo a:

Programas Educativos. Ayto. de Gijón.
c/Magnus Blikstad, 58. 33207 GIJON (Asturias)

A REVISTA "EN PIE DE PAZ"

Cando en febreiro de 1986 apareceu o número 0 EN PIE DE PAZ, estabamos nas vísperas do Referendum sobre a OTAN.

Perdimos... Pero o que non perdimos, o que **segue en pe de Paz** é a Revista, que no mes de outubro de 1990 publicaba o seu número 18.

Os compromisos e amores de "EN PIE DE PAZ" seguen a ser os mesmos: a cultura de Paz e a Nonviolencia, o antimilitarismo e o desarme, a defensa dos dereitos do home, da muller, da natureza, a promoción dos movementos alternativos ao capitalismo depredador, á burocratización da vida política, a denuncia de todo tipo de discriminación...

No último número poderedes encontrar moi lúcidas reflexións sobre as cores da emancipación verde e violeta (ecoloxía e feminismo), sobre a aportación das mulleres para unha nova organización do tempo. Unha Declaración firmada por colectivos nicaraguanos que aínda seguen a creer que a verdadeira revolución é a opción polos pobres e oprimidos. Novas de campañas para acabar coas nucleares xunto con propostas enerxéticas alternativas.



Novas sobre Casas de Paz e da Solidariedade, como a de Zaragoza, etc, etc.

EN PIE DE PAZ vive fundamentalmente das aportacións dos suscriptores. ¿Por qué non vos animades?

Escribide a: Mayor de Gracia, 126-130, pral.
08012 BARCELONA.

(Suscripción anual -6 números-: 1.000 pts.
Suscripción de apoio: 2.000 pts).

Formas de pago: Domiciliación bancaria; talón o transferencia a la cuenta corriente: 619-79, CPUA (La Caixa), Agencia nº 643. 08026 Barcelona.

NOVAS

"APUNTATE OS DEREITOS HUMANOS"

Os grupos galegos de Amnistía Internacional (AI) teñen en marcha esta campaña dirixida as/os xoves e máis educadoras/es, a través de charlas e actos de diverso tipo en centros educativos. O obxectivo da campaña é o de formar unha rede de xoves que interveñan en favor doutros rapaces vítimas de violacións de dereitos humanos, como desaparicións, torturas, xuízos inxustos, etc.

Por outra banda, AI elaborou unha guía de materiais didácticos utilizables na formación sobre dereitos humanos. As persoas interesadas nesta guía ou para dar charlas nos centros educativos, información da campaña, etc., deben poñerse en contacto cos grupos galegos de AI: Lugo: Apdo. 433; Vigo: r/ Velázquez Moreno, 9-1. (Tfno.: 22 55 52); Ourense: Apdo. 1044; A Coruña: Apdo. 465; Pontevedra: Mila Ruibal (Instituto de A Xunqueira).

CAMPAÑA APRENDE A XOGAR, APRENDE A VIVIR

Como se indica na sección de "Publicacións", o Seminario de EP da APDH de Madrid, impulsa unha campaña en todo o Estado de sensibilización sobre o xogo e o xoguete.

En Galicia, Nova Escola Galega (NEG) asume esta iniciativa como propia. Para elo vai editar un tríptico ou folla sobre a campaña en galego e tentará de que as/os asociadas/os nas súas respectivas zonas a impulsen. Por outra banda a Asociación está a servir de ponte con respecto a outras asociacións e institucións galegas para que a coñezan e a asuman. Neste momento sabemos de algúns concellos e asociacións que están interesados nesta movida. Para máis información da campaña en Galicia: Nova Escola Galega. Campaña aprende a xogar, aprende a vivir. Apdo. 577. VIGO.

PRIMERAS JORNADAS DE EDUCACIÓN PARA LA PAZ. SEVILLA.

Do 22 ó 26 de outubro tiveron lugar na capital andaluza, as Primeras Jornadas de EP, organizadas pola asociación Redpad. A conferencia inaugural estivo a cargo do noso compañeiro Xesús Jares, quen disertou acerca dos fundamentos da EP, ademais de dirixir unha sesión de xogos cooperativos. Nos seguintes días falouse da importancia do xogo, por Esperanza Carmona; a educación para a convivencia, Jesús David Gómez Muñiz; a educación no

conflicto, Luis Rodero e a metodoloxía da investigación na EP, a cargo do Seminario de EP de Málaga. Máis información das xornadas: Redpaz. c/ Amor de Dios, 6. 41002 SEVILLA.

RECURSOS

Materiais en galego sobre educación para a paz (1):

1. **Educadores pola Paz. Educar para ama-la paz**, Vía Láctea, A Coruña, 1986, 221 pp.
2. **Educadores pola Paz**. Monografía *Educar para a paz*, Dto. de Educación, Concello de Vigo, 1984.
3. **Educadores pola Paz. Educar para a paz. Guión Didáctico**, Concello de A Coruña, 1986.
4. A anterior Monografía tena tamén editada, con distinta encadernación, o Concello de As Pontes (A Coruña).
5. **Educadores pola Paz. Cinco anos do Día Escolar pola Paz**. Educadores pola Paz - Nova Escola Galega, Vigo, 1988. (Dossier de prensa sobre o 30 de Xaneiro).
6. **Jares, X. R. Educar para a paz**. Dto. de Educación, Concello de Santiago, 1987.
7. **Jares, X. R. Técnicas e Xogos Cooperativos para toda-las idades**, Vía Láctea, A Coruña, 1989, 271 pp.
8. **Amnistía internacional. 30 de Xaneiro. Día Escolar pola paz mundial e o desarme**. Dto. de Educación, Concello de Santiago, 1985.
9. **SGTE 30 de Xaneiro, Día Escolar pola Paz**. Vigo, 1987.
10. **Concello de Narón. Textos para a paz**. Concello de Narón (A Coruña), 1987.
11. **CXTG-SGEI. Sobre os Dereitos Humanos**. Unidade Didáctica, CXTG-SGEI, Santiago, 1988.
12. **CXTG-SGEI. Por unha educación para a Paz. 30 de Xaneiro Día Escolar pola Paz**, CXTG-SGEI, Santiago, 1987.
13. **CXTG-SGEI. Sobre a marxinação**. Unidade didáctica, CXTG-SGEI, Santiago, 1989.
14. **CXTG-SGEI. Declara-la paz, reclama-los nosos dereitos**. CXTG-SGEI, Santiago, 1990.
15. **FE-CC.OO. 30 de Xaneiro, Día Escolar pola Paz**. Folleto de CC. OO., Vigo, 1987.
16. **FE-CC. OO. Educar para a paz na escola. 30 de xaneiro: día escolar pola paz**. Folleto de CC. OO. Vigo, 1990.
17. **Miranda, Anista e outros. Pardela amiga**, F.M.C., Concello de Oleiros, 1990.

FORMAS DE CONSEGUILOS:

- 1 e 7.- Educadores pola Paz. Apto. 577. VIGO (Pontevedra). (1.000 Ptas. e 1.200 Ptas., respectivamente, máis gastos de envío)
- 2.- Dto. de Educación. Concello de Vigo. VIGO (Pontevedra).
- 3.- Dto. de Educación. r/ Durán Lóriga, 10. 15003 A CORUÑA.
- 4.- Dto. de Educación. Concello de As Pontes (A Coruña)
- 5.- Agotado.

6 e 8.- Dto. de Educación. Rúa do Vilar, 46 - 3º.
SANTIAGO (A Coruña).

9.- SGTE. r/ García Barbón, 30 - 6º. Ofcna. 9. VIGO.

10.- Grupo Scout Roi Xordo. Apdo. 20. 15571 Xubia-
Narón (A Coruña)

11, 12, 13 e 14.- CXTG-SGEI. Rúa do Franco, 10-1º.
Santiago de Compostela.

15 e 16.- FE. de CC. OO. Rúa Hernán Cortés, 32 - 2º.
VIGO.

17.- Casa da Xuventude. Rúa Darwin, 1. 15172 Pe-
rillo - Oleiros (A Coruña)

(1) Non incluímos os artigos en revistas e periodicos.

meiro número non podemos máis que reseñalo e reco-
mendarvos que o apoiades coa vosa suscripción. É moi
importante a súa vinculación coas/os compañeiras/os de
educación para a paz de América Latina, ademáis, por
suposto, de servir de vehículo de contacto cos que nos
movemos no Estado español.

Suscripción anual (6 números): 750 Ptas.

Forma de pago: transferencia bancaria a Abel Morán Lera.

Libreta n. 000852-4. Caja de Ahorros Provincial de Málaga.

Suc. "El Torcal". Málaga.

LEMBRAMOS

NOVIOLENCIA Y EDUCACION

Este boletín é o irmao do noso. Por elo neste pri-

Enviar o recibo de transferencia e os vosos datos a:

NOVIOLENCIA Y EDUCACION. c/ Casarabonela, 24-4 F.
29006 MALAGA

NOVAPAZ BOLETIN DE SUSCRIPCION (Só para as/os non asociadas/os de NEG)

NOME E APELIDOS: _____

DOMICILIO: _____

LOCALIDADE: _____ TFNO.: _____

CENTRO DE TRABALLO: _____ LOCALIDADE: _____

Forma de pago 400 Ptas. catro números (e algún extraordinario):

- Talón

- Transferencia a conta núm. 04-194.535 da Caixa de Aforros Municipal de Vigo.
Oficina. Principal. Vigo.

Enviar ficha máis resguardo a: **EDUCADORAS/ES POLA PAZ**
Apdo. 577. VIGO (Pontevedra)

EN LAS POBLACIONES CON
DISTRITO POSTAL

PONGA EL NUMERO DE ESTE

ANTÓN COSTA RICO
r/Touro, 21-2º Der.
SANTIAGO DE COMPOSTELA
15704 Coruña

EN LAS POBLACIONES CON
DISTRITO POSTAL
PONSA EL NUMERO DE ESTE

g. nova
escola
galega

EDUCADORAS/ES POLA PAZ
Apartado 577
VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 - 90

Imprime FEITO, S. L. - Hernán Cortés, 13 - 15 Int. - VIGO

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

